

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de setembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día dous de setembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(870).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(871).- ACLARACIÓNS A CUESTIÓNS FORMULADAS RESPECTO DA CONTRATACIÓN DE MOBILIARIO DA NOVA AULA UNED EN VIGO. EXPTE. 19862/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, do 2.09.16, conformado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, que di o seguinte:

1.- En data 18.08.2016 publicouse no perfil do contratante do Concello de Vigo a licitación da contratación de "SUMINISTRO DE MOBILIARIO DA NOVA AUULA DA UNED EN VIGO". O prazo para a presentación de ofertas remata o día 08.09.2016.

Abierto o prazo para a presentación de ofertas, se formularon diversos escritos:

1º.- Marcos Boullosa, en representación de EL CORTE INGLÉS, mediante correo electrónico de data 01.09.2016

2º.- D. José Manuel Fidalgo López, en representación de EKIPO, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral con data 01.09.2016.

Ambos escritos veñen a solicitar información sobre si é necesario que na silla de mostras que deben aportar figure o logotipo do Concello de Vigo termograbado. Esta mesma cuestión foi preguntada telefónicamente por outros posibles licitadores.

II.- En data 2 de setembro de 2016 polo Enxeñeiro da Edificación conformado polo Responsable do contrato se emite informe técnico as respecto no seguinte sentido:

O PCAP do contrato contempla na súa cláusula 8-Mostras a que O licitador deberá entregar durante o período de prazo de presentación de ofertas unha mostra do seguinte mobiliario, co obxecto de proceder á valoración das características técnicas e funcionais do mobiliario:

- “*
- 1) Unha cadeira fixa con estrutura de 4 patas realizada en tubo de aceiro de 18ø e 2,5 mm de espesor para tubos dianteiros e 2 mm para traseiros, pintada en pintura epoxi micro texturado de 100 micras de cor gris prata (ral 9006); conteras redondas de 8 mm de altura; apilable en 5 unds; asento monocarcasa de polipropileno con 30% de fibra de vidro; respaldo transpirable con perforacións. Toda a cadeira -asento e respaldo- será en color vermello (ral 3002) con logotipo do concello de Vigo termograbado de medidas 2,50cm de alto por 7,00 cm de ancho na parte posterior provista de pala dereita fabricada en kompress de 13 mm de espesor, superficie de escritura de 220 mm x 335 mm, mecanismo antipánico en aluminio; recollida de pala no lateral da cadeira, axuste de inclinación e distancia ao usuario, permite apilabilidade. A mesma debe ter abatemento horizontal e transversal. O cor da pala será gris prata (ral 9006)*
 - 2) Unha mesa das que se deberá conxuntar enfrontadas/ agrupadas ou independentes para 398 postos de estudio cunhas dimensións por cada posto de 0,80 m de ancho por 0,60 m de profundidade; fabricadas en aglomerado de madeira de alta densidade e revestido con melamina de 30 mm de espesor en cor haia; patas en aceiro laminado de 45x2mm; parte superior da mesma en aluminio; tope superior da pata e niveladores en pvc de cor; tubo estrutural de 30x2mm provisto de panel separador frontal laminado de 35 cm de alto e caixa de conexións abatible; traveseiros ocultos e pé metálico independente para subida de cables.*
- Requisitos da entrega:*
- O material deberá ser da mesma calidade e características que o ofertado e cumprirá cos requisitos definidos no Anexo I do PPT.*
 - O licitador entregará a mostra perfectamente embalada. No embalaxe deberá constar as circunstancias especificadas na cláusula 13.5.D).*

- *O licitador entregará un albarán por duplicado detallando o material que deixa en depósito. No albarán, no momento da entrega das mostras, deixarase constancia da hora, sendo firmado e selado tanto polo persoal que fai a recepción das mostras como polo licitador ou persoa que fai o depósito.*
- *Será causa de exclusión:*
 - *A non entrega de algunha das mostras esixidas.*
 - *A entrega das mostras fora de data e hora establecida.*
 - *A entrega de unha o varias mostras que non cumpran as especificacións técnicas.”*

Si ben se considera que dende o 18 de agosto ata a finalización do prazo de entrega das mostras o día 8 de setembro hai tempo máis que suficiente para realizar o termograbado das sillas, o obxecto da presentación de mostras é o de poder facer a valoración técnica e funcional do mobiliario, polo que non se considera imprescindible para facer esta valoración a inclusión do escudo termograbado nas citadas mostras. O mesmo sí que deberá ser incluído en todo caso polo adxudicatario do contrato no mobiliario que finalmente se entregue.

II.- En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as respostas as cuestións formuladas por EL CORTE INGLÉS e EKIPO contidas no presente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(872).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DE ACCESOS E CUBRICIÓN NA PISCINA DA ETEA. EXPTE. 15188/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.07.16 e , e o informe de fiscalización do 30.08.16, dáse conta do informe-proposta do 25.08.16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En base ás dilixencias desa Intervención Xeral de datas 9 e 17/08/2016, procedeuse a remitir a documentación relativa á disponibilidade dos terreos así como á inclusión no PCAP da distribución do gasto por anualidades. En consecuencia, por parte da xefa do Servizo de Contratación, procedeuse á elaboración dun novo PCAP de data 22/08/2016, quedando o informe-proposta como sigue:

I.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 17/06/2016, aprobou o proxecto de obras de “accesos e cubrición na piscina da ETEA (expte 15066-333)”, redactado pola enxeñeira D^a Trinidad López Rodríguez da empresa Galaicontrol, S.L.

Para a execución destas obras procede, de acordo coa orden de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 23/06/2016, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 22/6/2016.*
- Expediente do proxecto de obra: 15066/333 co informe de supervisión de data 7/6/2016.*
- Orde de inicio do expediente de contratación de data 23/6/2016*
- Acta de replanteo 27/6/2016.*
- Memoria xustificativa do contrato de data 5/7/2016.*
- Certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de aprobación do proxecto de data 17/6/2016.*
- Informe do Servizo de contratación sobre comprobación da documentación legalmente esixida para a tramitación do expediente de data 8/7/2016.*
- Informe xurídico favorable de data 21/07/2016.*
- Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data de 22/08/2016.*
- Dilixencia da Asesoría Xurídica, de data 23/08/16, de conformidade sobre as modificacións realizadas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.*

II.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

1) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto:

- Expte. 15066-333 “Proxecto de obras de accesos e cubrición da piscina da ETEA”

O obxecto do proxecto é dotar de maior aproveitamento as instalacións existentes. Se propón a reforma da ala da piscina, mediante cubrición do vaso, así mesmo tamén se contempla a apertura de accesos as gradas, para o uso público, garantindo as saídas de evacuación.

Estas obras supoñen, sen ningunha dúbida, un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente relativo á obra:

- Expte. 15066-333 “Proxecto de execución de obras de accesos e cubrición na piscina da ETEA”, aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 17/06/2016, que se incorpora ao presente expediente, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

2.- Procedemento de adxudicación /forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de máis xustificación.

3.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato por lotes, están determinados en base ao proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, de data 17 de xuño de 2016, redactado pola enxeñeira D^a Trinidad López Rodríguez da empresa Galaicontrol, no que figuran os orzamentos básicos de licitación, que resultan adecuados para o efectivo cumprimento do obxecto dos contratos e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas ao proxecto, co seguinte importe:

- ▣ “PROXECTO DE OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN NA PISCINA DA ETEA”, cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL NOVECENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS -385.983,56 €-, sendo o importe correspondente ao IVE, sesenta e seis mil novecentos oitenta e oito euros con oitenta e oito céntimos -66.988,88 €-.

O valor estimado do contrato é o indicado no apartado 3.C das FEC (382.793,62 euros).

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Tratase dunha obra de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establece cun orzamento base de licitación, IVE incluído, é de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL NOVECENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS -385.983,56 €-, para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.632.00.01 “Investimentos de mellora nas instalacións deportivas da ETEA”, coa seguinte distribución de anualidades:

2016:	384.179,20 €
2017:	1.804,36 €.

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda en primeiro lugar sobre a previsión de crédito na anualidade do ano 2017.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

3.2.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.-

En relación coa memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vicunladas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Deportes en relación a competencia municipal para o mantemento dos espazos deportivos de titularidade municipal, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo de necesidade asinado polo Director Deportivo Xefe da unidade técnica de data 5 de xullo de 2016.

4.- Criterios de valoración e xustificación:

No que atinxe aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato. Polo cal establecece a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 20 % de puntos a criterios avaliábles por xuízo de valor, e un 80 % a criterios avaliábles a través de fórmula.

4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.

Os criterios avaliábles mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos que serán distribuídos nos seguintes apartados:

4.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra A "Memoria dos criterios de execución técnica da obra" debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do proxecto de obras a licitar e a súa documentación, presenta o licitador no marco da proposición técnica, e procederá a súa valoración, ata un máximo de QUINCE (15) puntos, distribuíndose nos seguintes apartados:

1.- A análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar. Se valorará con ata 5 puntos.

2.- O análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica, para o correcto desenvolvemento do proxecto a criterio do licitador. Se valorará con ata 5 puntos.

3.- A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos. Se valorará con ata 5 puntos.

4.1.2.- Plan de control de calidade. No mesmo especificase a execución de propostas estandarizadas e axustadas a valores básicos, polo que tendo en conta que un dos obxectivos da execución das obras é garantir a execución das mesmas co maior nivel de calidade posible, e procederase a súa valoración ata un máximo de TRES (3) puntos distribuíndose nos seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto. Se valorará con ata 2 puntos.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa. Se valorará con ata 1 punto.

4.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais. Se valorará ate un máximo de DOUS (2) puntos. Que será distribuída nos seguintes apartados:

a) Valorarase con ata 1 punto, a memoria descritiva que deberá contemplar os seguintes contidos: a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético e as materias primas.

b) Valorarase con ata 1 punto, a memoria descritiva que deberá contemplar os seguintes contidos sobre as actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera e recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado.

4.1.4.- Procedemento para puntuación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. A puntuación dos apartados (4.1) anteriores será outorgada seguindo os seguintes criterios:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grao de detalle os contidos indicados con análise específica e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos en cada apartado.

3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos contidos esixidos con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente á máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados.

4.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA. Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

4.2.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.2.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establecese en 12 meses.

5.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade

6.- Prazo de execución:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en cinco meses

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:

a) A modificación do contrato. Neste caso, o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.

b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ó contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

c) Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

7.- Prazo de garantía:

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

8.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "C" Subgrupo "3", Categoría "2"

9.- Subcontratación.

Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

10.-Prescripcións técnicas particulares.

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, terase en conta o Prego de prescripcións técnicas particulares incluído no proxecto de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 17 de xuño de 2016,

11.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i), que cumpra as seguintes condicións:

1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da baixa ofertada -IVE excluído-) sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído), e se calculará para todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada, O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{n \sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B_m') \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=5,0$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=2,5$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,5$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=1,3$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=1,0$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,6$

Para $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$ y $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=3,5$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=1,8$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,3$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=1,0$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=0,7$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,5$

Para $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=3,0$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=1,5$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,1$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=0,8$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=0,5$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,4$

δ' = desviación típica das (B_i) ofertadas que cumbran a anterior condición sinalada para o cálculo de $B'm$

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da “baixa de referencia” (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; B_r = media aritmética das (B_i) ofertadas.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 2.5$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

12.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Non se contemplan requerimentos mínimos.

13.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación cos seguintes criterios:

1.- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas definición des estruturas, pavimentos. Así como as específicas das escaleiras de evacuación.

2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra, aparezan condicións técnicas específicas, distintas as recollidas no proxecto.

3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

14.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Porén, o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

15.- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

16.- Garantía complementaria:

1.- Cando a garantía ofertada polo adxudicatario sexa superior a media das garantías ofertadas polos licitadores admitidos, se deberá constituír como garantía complementaria o importe que corresponda de acordo co seguinte criterio en relación o incremento ofertado sobre o prazo de garantía ofertado:

Importe garantía complementaria igual o valor da operación (Gof-Gm) /12, dito valor indicará o porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.

(Gof-Gm)

----- = % de incremento da garantía complementaria
12

Gm= Media das garantías das ofertas admitidas na licitación (garantía mínima do prego + media do incremento proposto polos licitadores admitidos) en meses enteiros.

Gof= Garantía ofertada (Garantía mínima do prego + incremento proposto polo licitador) en meses enteiros.

2.- Así mesmo tamén será motivo de constitución da garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, correspóndase cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

De acordo co artigo 95.2 do TRLC o importe máximo da garantía complementaria non poderá superar o 5% do importe de adxudicación do contrato.

3.- Proposta:

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para o financiamento das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do "PROXECTO DE ACCESOS E CUBRICIÓN NA PISCINA DA ETEA"

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación, de data de 22/08/2016.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 385.983,56 € (TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS -385.983,56 €-), sendo o importe correspondente ao IVE o de 66.988,88 € (sesenta e seis mil novecentos oitenta e oito euros con oitenta e oito céntimos).

Trátase dunha obra de carácter plurianual, e tendo en conta que o importe do contrato establécese cun orzamento base de licitación, IVE incluído, é de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS -385.983,56 €-. Para a súa

financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.632.00.01 "Investimentos de mellora nas instalación deportivas da ETEA, coa seguinte distribución de anualidades:

<i>2016:</i>	<i>384.179,20 €</i>
<i>2017:</i>	<i>1.804,36 €.</i>

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda en primeiro lugar sobre a previsión de crédito na anualidade do ano 2017.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 0.47 %.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(873).- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA CIDADE DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROXECTOS DEPORTIVOS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 14871/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.09.16, dáse conta do informe-proposta do 1.09.16, asinado polo coordinador deportivo e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 14871/333 sobre as Bases e a Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2015/2016, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 04 de agosto de 2016, no que se solicita a aclaración sobre algunhas cuestións, procédese a informarse sobre as consideracións detalladas no dito informe e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas:

- O informe de fiscalización fai constar que no Informe-Proposta de data 14 de xullo de 2016 non consta informe acreditativo de que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007. Sobre esta cuestión, faise constar que corrixiuse o informe proposta engadindo tal extremo.*

- *Tal como se solicita no informe de fiscalización, incorporouse unha folla de valoración individual por cada un dos solicitantes na que se reflexa a valoración de cada un dos criterios contidos na base sétima da convocatoria.*
- *Sobre a documentación necesaria para verificar a puntuación outorgada polos criterios de promoción do deporte de base e gastos de aluguer, faise constar que:*
 - *Na valoración do criterio b.1. "Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas" e para valorar a puntuación outorgada en base ós "gastos de aluguer" de instalacións deportivas, tivéronse en conta os datos obrantes no servizo de deportes e remitidos segundo informe anexo asinado polo responsable técnico do programa.*
 - *Para os criterios b.2., "Número de licencias ata categoría xuvenil incluída" e b.3., "Número de licencias de categoría feminina", tivéronse en conta os certificados emitidos por cada unha das federacións e que constan en cada un dos expedientes.*
- *Atendendo ás observacións detalladas en relación a algunhas carencias na documentación presentada polas entidades, faise constar:*
 - *Agrupación Deportiva Zanshin: A modalidade practicada polos deportistas vinculados a esta entidade é Karate e defensa persoal, criterio xenérico que engloba diferentes modalidades, entre as que se atopa o Judo, tal e como acredita mediante a presentación do certificado de licencias da entidade.*
 - *Club Natación Rías Baixas: Corrixíuse o erro e modificouse o importe concedido á entidade, que non inflúe na puntuación obtida pola mesma, redistribuíndo os recursos proporcionalmente entre o resto de entidades beneficiarias de subvención.*
 - *Maniotas: Axuntouse a documentación que acredita a titulación universitaria que motivou a puntuación do criterio relacionado coa estrutura técnica da entidade.*
 - *Rápido de Bouzas: Axuntouse a tanto a documentación que acredita a configuración da Xunta directiva como a copia do DNI do presidente da entidade.*

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 23 de agosto de 2016 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Coordinador Deportivo, e un funcionario da área de deportes como secretario, e atendendo á corrección do cálculo final da distribución dos recursos vinculados ó proceso, derivada da corrección do importe inicialmente asignado ó Club Natación Rías Baixas entre o resto de beneficiarios, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2015-2016, sobre un máximo de 120 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) *Actividades xeral da entidade solicitante:*

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 50 puntos, segundo os seguintes criterios:

De 0 a 3 puntos:

a aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.*
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.*
- Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.*

De 4 a 9 puntos: *Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:*

- Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.*
- Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.*
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.*
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.*

De 10 a 50 puntos: *Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:*

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.*
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.*
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.*

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel

deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interés público da actividade, o custo da actividade... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluírá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 5 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 30 puntos segundo os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 4 puntos:

A aqueles proxectos que:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3.e a.2.4.

a.2.2. De 5 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito local, provincial ou autonómico.

a.2.3. De 10 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

a.2.4. De 20 a 30 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas: Ata 5 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 5 puntos.

b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos

*Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).*

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 10 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 15 puntos: >300 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 450 licencias.
- 5 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 10 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 15 puntos: > de 999 licencias.

b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos

*Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).*

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.

–4 puntos: De 51 a 75 licencias.

–5 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

–1 punto: De 75 a 150 licencias.

–2 puntos: De 151 a 300 licencias.

–3 puntos: De 301 a 400 licencias.

–5 puntos: >400 licencias.

c) Estructura da entidade deportiva:

c.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 10, por cada 1.000,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2015. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- *1 punto por cada 1.000,00€ de gasto acreditado.*

c.2. Estructura técnica: Ata 3 puntos. Valorarase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a copia compulsada da titulación, da licencia en vigor na tempada subvencionada e a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.

–Licenciado/Graduado en CCAFD: 1 punto por licencia.

–Diplomado ou equivalente: 0,5 puntos por licencia.

–TSAFD ou equivalente: 0,25 por licencia.

–Resto: 0,1 puntos por licencia.

d) Emprego do Galego: Ata 2 puntos. Valoraranse os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:

- *1 punto pola utilización da lingua galega no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...). As entidades deberán detallar, nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.*
- *0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos de comunicación administrativa interna, de comunicación con deportistas, pais, nais e asociados... Para a valoración das solicitudes as entidades presentarán copia dos documentos tipo utilizados ó longo da tempada deportiva, que acrediten suficientemente o emprego do galego como lingua vehicular.*

- *0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos remitidos ós medios de comunicación, crónicas, comunicados oficiais... Para a valoración desta cuestión, as entidades presentarán as notas de prensa remitidas ós medios de comunicación ó longo da tempada deportiva e demás documentación que acredite a utilización do Galego nas relacións da entidade con persoas e entidades alleas á mesma.*

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2015/2016, ou en calquera caso, no ano 2016 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 166 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 159 e rexeitáronse 7 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II. Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1244 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 550.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 442,12€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente. Esta circunstancia xera un importe "excedente", que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 46,32€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT

e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 12 de xullo de 2016, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1244 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 550.000,00€, o valor unitario inicial de cada punto se concreta en 442,12€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente. Esta circunstancia xera un importe "excedente", que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 46,32€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias, entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I).

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2015/2016 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 550.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2016.

2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	160069527
CLUB MOTO-BOX	G-36973105	160071207
CLUB PETANCA O CASTRO	G-36957348	160068524

— Por incumprir o apartado 4 da base 5ª, ao non estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO	G-36651123	160067582
AGRUPACIÓN DEPORTIVA SODIM	G-27727965	160067162
VETERANOS DE TEIS	G-36916401	160059423

— Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.6, ó non acreditar acharse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB PETANCA SÁRDOMA	G-36649317	160067008

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2015-2016.

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUN-TOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
1	CLUB SUBACUATICO BAHIA DE VIGO	G-36655983	1	488,44 €
2	A.D.CASTRO SAN MIGUEL	G-36657856	5	2.442,22 €
3	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	12	5.861,33 €
4	C.A.R MARISQUEIRO	G-27737477	1	488,44 €
5	COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	15	7.326,66 €
6	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	10	4.884,44 €
7	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	9	4.396,00 €
8	BASQUET RIAS BAIXAS	G-27777127	9	2.500,00 €
9	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	2	200,00 €
10	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G-36815413	1	488,44 €
11	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	47	22.956,88 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
12	CLUB BALONCESTO XESTAS	G-36884674	1	488,44 €
13	CLUB DEPORTIVO VGO BASKET	G.27804889	5	2.442,22 €
14	CLUB NOVOBASKET VIGO	G-27791474	9	3.000,00 €
15	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	8	2.500,00 €
16	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL	G-36686376	28	13.676,44 €
17	UNION BALONMAN LAVADORES	G-36810075	27	13.187,99 €
18	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	5	2.442,22 €
19	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G-27738962	3	1.465,33 €
20	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G-36881316	1	488,44 €
21	CLUB BOWLING CELTA	G-36685345	3	1.465,33 €
22	XISTRON BOWLING CLUB	G-36694149	1	488,44 €
23	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G-36662344	6	2.930,66 €
24	REBOURAS TEAM	G.-27812650	2	976,89 €
25	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G-36814515	2	976,89 €
26	CLUB CICLISTA CORUXO	G-27710730	5	2.442,22 €
27	CLUB CICLISTA MEIXOEIRO	G-36720951	6	2.930,66 €
28	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G-36745107	2	976,89 €
29	CLUB CICLISTA TEIS	G-36754323	7	3.419,11 €
30	CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	38	18.560,88 €
31	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G-36703213	2	976,89 €
32	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G-36657450	3	1.465,33 €
33	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA AL-TER-NATIVA	G-27776459	3	1.465,33 €
34	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G-36817575	3	475,00 €
35	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G-36814093	3	1.465,33 €
36	CLUB MINAUTA	G-36834240	3	1.465,33 €
37	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	6	1.800,00 €
38	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G-36918084	3	1.465,33 €
39	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G-36869873	14	5.000,00 €
40	FALCATA	G-27775808	1	488,44 €
41	CLUB ARADELAS ESPEOLOGIA	G-36642247	3	1.465,33 €
42	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G-36770931	10	4.000,00 €
43	BALAIOS FC	G-36737724	21	7.500,00 €
44	C.CULTURAL A.R.VALLADARES	G-36617082	13	4.000,00 €
45	C.D. SAMPAYO	G-36654564	2	976,89 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
46	C.D. VALLADARES	G-36629657	3	1.465,33 €
47	CLU DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	2	976,89 €
48	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G-36743433	11	5.372,89 €
49	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	9	4.396,00 €
50	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G-36649283	30	14.653,33 €
51	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	14	6.838,22 €
52	MOLEDO CLUB FUTBOL	G-36734226	6	2.930,66 €
53	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	12	5.861,33 €
54	RAPIDO DE PEREIRO FC	G-36874832	13	5.000,00 €
55	S.C.D. ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	13	5.000,00 €
56	UVCD CANDEAN	G-36863348	8	3.907,55 €
57	C.D. TEIS	G-36752640	8	3.907,55 €
58	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	13	6.349,77 €
59	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G-36645612	11	5.372,89 €
60	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G-36690519	9	4.396,00 €
61	CLUB DEPORTIVO COYA	G-36753911	14	5.000,00 €
62	CLUB RÁPIDO DE BOUZAS	G-36711513	48	23.445,32 €
63	GRAN PEÑA, C.F.	G-36663656	13	6.349,77 €
64	INDEPENDIENTE, C.F.	G-36710416	20	7.500,00 €
65	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	14	6.838,22 €
66	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G-36628774	19	7.500,00 €
67	ANPABAL FUTBOL CLUB	G-27758168	4	1.000,00 €
68	C.D.A.P.A.Z F.S.	G-27785039	6	1.890,00 €
69	CENTRO CULTURAL E RECREATIVO CABRAL	G-36658680	4	1.600,00 €
70	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	7	3.419,11 €
71	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	13	3.800,00 €
72	CLUB UNION FS	G-27758598	4	1.953,78 €
73	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	15	7.326,66 €
74	IES CORUXO FS	G-27726835	6	2.930,66 €
75	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G-36645075	6	2.000,00 €
76	C.D. AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	3	700,00 €
77	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G-36886422	19	9.280,44 €
78	CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G-36924249	6	1.500,00 €
79	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	7	1.200,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
80	PECHECHES FÚTBOL SALA	G-27778521	6	2.500,00 €
81	REAL AERoclUB DE VIGO	G-36610384	5	2.442,22 €
82	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	3	1.465,33 €
83	CD. ESTABLOS VIGO	G-36982296	2	976,89 €
84	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G-36684850	7	3.419,11 €
85	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G-36680239	12	5.861,33 €
86	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G-36681633	26	12.699,55 €
87	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G-27709120	2	500,00 €
88	JUDO CLUB GALICIA SUR	G-27781541	5	2.442,22 €
89	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	16	7.815,11 €
90	AVCD CABRAL	G-36651073	4	1.500,00 €
91	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	7	1.500,00 €
92	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G-36707586	3	1.465,33 €
93	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	9	2.900,00 €
94	KUZUSHI	G-36696227	3	1.465,33 €
95	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G-36637890	4	1.953,78 €
96	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G-36743540	2	976,89 €
97	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G-36630192	3	1.465,33 €
98	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	15	7.326,66 €
99	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G-36827079	21	8.000,00 €
100	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	11	3.000,00 €
101	PADEL FEMENINO CIES	V-27713759	5	2.442,22 €
102	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G-36645091	20	9.768,88 €
103	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G-36811974	7	3.419,11 €
104	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G-27722305	3	1.465,33 €
105	CLUB PATIN VAGALUME	V-36982304	10	4.884,44 €
106	CLUB PATINAXE ARTISTICA VALLADERES	G-36765733	11	5.372,89 €
107	CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER	G-36571123	1	488,44 €
108	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G-36628543	1	488,44 €
109	CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	2	500,00 €
110	CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	2	300,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
111	CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G-36796316	2	200,00 €
112	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	2	363,00 €
113	CLUB DE PETANCA E CHAVE OS MUIÑOS	G-36727246	2	200,00 €
114	CLUB PETANCA A TOXEIRA	G-36849041	2	800,00 €
115	CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	2	976,89 €
116	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	2	976,89 €
117	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	8	3.000,00 €
118	CLUB PETANCA FLORIDA	G-36792711	3	800,00 €
119	CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	2	976,89 €
120	CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	2	500,00 €
121	CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	2	300,00 €
122	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	2	500,00 €
123	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	2	800,00 €
124	CLUB DO LUME	G-36852671	2	775,00 €
125	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G-38816114	2	800,00 €
126	CLUB PETANCA CABRAL	G-36765055	2	816,00 €
127	CLUB PETANCA NAVIA	G-27823152	2	500,00 €
128	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	9	4.396,00 €
129	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G-27822006	2	976,89 €
130	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	24	11.722,66 €
131	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G-36650273	3	1.465,33 €
132	CLUB REMEIROS DE VIGO	G-27810688	1	488,44 €
133	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G-27736438	4	1.953,78 €
134	VIGO SQUASH	G-36929511	10	4.884,44 €
135	PRADO SURF CLUB	G-36850014	2	976,89 €
136	A.D. KIAP	G-36788594	3	1.465,33 €
137	AS SPORT VIGO	G-27749837	3	1.465,33 €
138	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G.27810761	1	488,44 €
139	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G-36613685	8	3.907,55 €
140	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G-27762483	6	2.930,66 €
141	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	3	1.465,33 €
142	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G-27730597	7	2.500,00 €
143	A.D. MONTECASTELO	G-36747574	6	2.930,66 €
144	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	3	600,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE 2015/2016 DEFINITIVO
145	ASOCIACION DEPORTIVA LOPE DE VEGA	G-36886992	3	1.227,01 €
146	C.D. COLEGIO MARIANO	G-36649408	7	1.500,00 €
147	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G-36614097	3	1.465,33 €
148	CLUB DEPORTIVO CSCR DE BEADE	G-36904530	8	3.907,55 €
149	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G-36886901	2	976,89 €
150	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G-36612752	21	10.257,33 €
151	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	4	1.953,78 €
152	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G-36613081	2	976,89 €
153	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	8	3.000,00 €
154	BLACK VOLEY VIGO	G-27747864	2	600,00 €
155	FIT SPORT	G-36988947	4	1.953,78 €
156	XADREZ LUCENA	G-36893154	5	2.442,22 €
157	MANIOTAS	G-36684819	22	10.745,77 €
158	CLUB FLIC FLAC	G-36931582	24	11.722,66 €
159	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	14	6.000,00 €
			1244	550.000,00

5(874).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO”. EXPTE. 3263/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de abril de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO. (Expte 3767/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 3767/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da compro-

bación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3767/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estaturias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RUA ESPERANTO. (Expte 3767/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Esperanto, sendo adxudicados os servizos á empresa APPLUS NORCONTROL, S.L.U., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

–Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D^a. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS, DNI. 33996391-E Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 811 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Reparación de noiro e construción de novo muro de soporte do camiño Portiño, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

A necesidade de acortar os prazos na execución da obra -derivada dunha sentenza xudicial- fai aconsellable unha axilidade nos diferentes trámites no ámbito da execución da obra para cumprir cos prazos normativos e dos PCAP, polo cal se fai máis aconsellable a súa delegación no propio Concelleiro Delegado. Entre os trámites atopanse: aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e nomeamento do coordinador e, de ser necesario, os seus Anexos, Aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra, aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade e de todas as certificacións da obra.

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Nomear como Dirección Facultativa da obra REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO (expte: 3767/440) aos Técnicos Municipais D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ e D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO (expte: 3767/440) ao Enxeñeiro da empresa APPLUS NORCONTROL, S.L.U., D. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS, DNI. 33996391-E Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 811 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Terceiro: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento os diferentes trámites a aprobar no ámbito da execución da obra: aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra, aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade e das certificacións da mesma.

Cuarto: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO. (Expte 3767/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(875).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE DA OBRA “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”. EXPTE. 3271/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, do 25.08.16, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de setembro de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”, cun orzamento de base de licitación de 98.705,63 € IVE engadido. (Expte. 3095/443).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de marzo de 2016, entre outros asuntos acordou a proposta de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”. (Expte. 3517/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”. EXPTE. 3517/440, a favor da mercantil COPCISA, S.A., por un prezo total de 75.243,31 € (IVE incluído).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 3517/440, define no punto 4, da cláusula 1), que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3517/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto “REPARACIONES DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”. (Expte. 3517/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento

de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras, sendo adxudicados os servizos a D. Alejandro Martínez García, con D.N.I.: 36097151P, para o desenvolvemento destas funcións:

-Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA, DNI. 36097151-P, Arquitecto Técnico, Colexiado nº 514.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta o obxecto das obras descritas no proxecto de obra reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (Curva San Gregorio); considérase adecuado os nomeamentos dos técnicos mencionados en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

Primeiro: Nomear como Dirección Facultativa da obra "REPARACIÓN DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)" (expte: 3517/440) aos Técnicos Municipais D. JORGE MUÑOZ RAMA e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra "REPARACIÓN DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)" (expte: 3517/440) ao Arquitecto Técnico D.ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA, con D.N.I.: 36097151P, colexiado nº 514.

Terceiro: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento os diferentes trámites a aprobar no ámbito da execución da obra: aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras, e, de ser necesario, os seus Anexos, aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra, aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade e das certificacións da mesma.

Cuarto: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación "REPARACIÓN DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)". (Expte: 3517/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.